



Concello de Bueu

ACTA NÚM. 4 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OFICIAL/A DE OBRAS (C2), INCLÚIDA NA OEP 2023

Asisten:

Presidente: Juan Miguel Martínez Pérez

Vogais: Benjamín Penín Fandiño; David Mayán Garrido; e Sonia María Cacabelos Cobas

Secretaria: Lara Otero Díaz

En Bueu, mediante sesión telemática de todos os membros do tribunal salvo da secretaria que está persoalmente na sala de concelleiros da casa consistorial do concello de Bueu, sendo as 12.23 horas do día 6 de abril do 2026, reúne o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal funcionario de carreira dunha vacante de oficial/a de obras (C2) na quenda de promoción interna, segundo as bases aprobadas pola XGL o 30.09.2025 (CSV 459HGPJXZE5D6WC7YY74RA) e nomeado mediante a R.A 2026-0196 do 30.01.2026 (CSV 7KWRDXGL6QM6QK2LGYYXQ9NQ5G), coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas.

O pasado 10.03.2026 o tribunal realizou a proba única da fase de oposición e, trala corrección desta en presenza das persoas aspirantes, publicou a acta outorgando un prazo de 5 días hábiles para alegacións ás preguntas realizadas, as respostas consideradas correctas e a cualificación outorgada. No prazo sinalado NON constan presentadas alegacións e/ou reclamacións, polo que mantívose a cualificación outorgada e, en consecuencia, a puntuación final do proceso é a que segue:

Aspirante	Puntuación fase concurso (máximo 11,6 puntos)	Puntuación fase oposición (máximo 20 puntos)	Puntuación final
Francisco Barreiro Barros	3,675	19	22,675
Martín Calviño López	4	20	24
José Manuel Rivas Mariño	4	20	24

Consonte á base 9.4 das xerais reguladoras do proceso:

"4. A PUNTUACIÓN FINAL do proceso selectivo obterase sumando as puntuacións acadadas na fase de oposición e na de concurso; suma final que só procederá nos casos dos/as aspirantes que teñan superado todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición. Nos supostos de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase por sorteo, realizado polo Tribunal en presenza das persoas aspirantes que así o desexasen".

Pola súa parte, ao abeiro da base 10 das xerais reguladoras:

"Finalizado o concurso-oposición o Tribunal fará pública, por orde decrecente de puntuación final, a relación de persoas aspirantes aprobadas, entendo por tales as que teñan superado todos exercicios da fase de oposición que lle resulten obrigatorias. A relación publicarase no taboleiro de anuncios e na web municipais. Simultaneamente, o tribunal elevará a dita relación á Alcaldía, para que resolva o nomeamento da persoa que tivera acadado a maior puntuación; ou que, en caso de empate e trala aplicación do sistema de desempate sinalado na base anterior, resultara o primeiro. En todo caso, o Tribunal non poderá propoñer o nomeamento dun número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal teña proposto o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, na proposta tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada, daqueles aspirantes que aínda que non teñan sido propostos para o nomeamento tiveran superado todos exercicios obrigatorios da fase de oposición. A esta relación/listaxe acudirase, segundo a orde/prelación resultante da puntuación do proceso selectivo, para os supostos de imposibilidade do nomeamento e/ou toma de posesión do/a aspirante inicialmente seleccionado/a e proposto/a para a cobertura da vacante convocada (xa sexa por renuncia, incumprimento dos prazos, requisitos e/ou requirimentos documentais).

2. Cumpridos os trámites anteditos, a Alcaldía resolverá o nomeamento da/o aspirante proposta/o, que deberá tomar posesión/incorporarse na data sinalada ao efecto e, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da dita resolución de nomeamento no BOP (resolución de nomeamento que tamén será obxecto de publicación no DOG, así como no taboleiro de anuncios e páxina web municipais); de tal xeito que a súa eficacia estará condicionada/supeditada á posterior e efectiva toma de posesión/incorporación, no prazo sinalado".

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

De acordo co sinalado produciuse un empate entre dúas persoas aspirantes -Martín Calviño López e José Manuel Rivas Mariño-. Ambos teñen a mesma puntuación tamén na fase de oposición (a máxima) polo que o desempate producírase mediante sorteo realizado polo Tribunal.

Así as cousas, a secretaria outorga os números pares a Martín Calviño López e os impares a José Manuel Rivas Mariño, dado que ambos eran respectivamente, as persoas cos números 2 e 3 na lista definitiva de persoas admitidas. A continuación lánzase un dado e como se obtén o número 6 o desempate prodúcese a favor de Martín Calviño López.

Posteriormente, posto que existe unha vacante pero constarán tres persoas aprobadas e unha con mellor posición tras o desempate, o tribunal acorda que: proporá á alcaldía o nomeamento do aspirante con maior puntuación tras o desempate como funcionario de carreira tras superar o proceso de promoción interna; e proporá a aprobación dunha relación complementaria á que acudir para o suposto de que a persoa aspirante proposta non tomase posesión, o que comportaría declarar deserto o proceso, constando en primeiro lugar da relación a persoa con idéntica puntuación á proposta para o nomeamento pero que non gañou no sorteo do desempate.

A vista do que antecede, o tribunal acorda:

1. Publicar esta acta na sede e na web municipais.
2. Aprobar a seguinte relación definitiva ordenada de persoas que superaron o proceso selectivo de promoción interna para o seu nomeamento pola Alcaldía como persoal funcionario de carreira coa categoría de CAPATAZ DE OBRAS (C2):

Aspirante	DNI	Puntuación final
Martín Calviño López	***9221**	24

3. Aprobar a seguinte relación complementaria prevista na base xeral 10 do proceso para os supostos de imposibilidade do nomeamento e/ou toma de posesión do/a aspirante inicialmente seleccionado/a e proposto/a para a cobertura da vacante convocada (xa sexa por renuncia, incumprimento dos prazos, requisitos e/ou requirimentos documentais):

N.º orde	Aspirante	DNI	Puntuación final
1	José Manuel Rivas Mariño	***9925**	24
2	Francisco Barreiro Barros	***9138**	22,675

4. Elevar estes acordos ao alcalde de Bueu facendo constar para todas as persoas interesadas, que fronte a eles poderán presentar recurso de alzada no prazo dun mes dende a dita publicación no taboleiro e web, ante o tribunal ou ante o alcalde do concello de Bueu (órgano competente para resolver o recurso), consonte aos artigos 112, 121 e seguintes da LPACAP (Lei 39/2015).

Sen máis asuntos que tratar, declárase levantado o acto, sendo as 12.26 horas e ordenándose a redacción da presente acta que é asinada dixitalmente polo presidente e vogais do tribunal, xunto a min, a secretaria do tribunal.

